

## CONCURSO FOTOGRÁFICO IEM. PAISAXE E TERRITORIO

Pretende ser un punto de encontro para afeccionados á fotografía e sensibles ás temáticas relacionadas co medio, co entorno e o patrimonio natural.

### Participantes

Poderán concorrer a este concurso as persoas afeccionados/as á fotografía, maiores de idade, sempre que os seus traballos se axusten ás bases do mesmo.

Establécese unha categoría avaliada polo xurado e outra avaliada na rede social facebook polo público que o desexe.

### Temática

A paisaxe e o territorio: Na serra do Galiñeiro e na serra da Groba/A Valga

### Valorarase

Orixinalidade da proposta, capacidade para provocar emocións cara á temática, calidade estética e técnica.

As fotografías deberán ser orixinais e inéditas.

Poderán ser en branco e negro ou a cor.

As fotografías presentaranse en formato dixital en tamaño 30x45 cm (300 píxeles por polgada).

Os participantes poderán enviar dúas fotografías como máximo.

As fotografías serán da propiedade do autor/a que se presente ó concurso.

### Limitacións

As fotografías non levarán marcas de auga, palabras ou nomes que as identifiquen.

En ningún caso se admitirán fotografías que supoñan un prexuízo a integridade física ou moral de persoas individuais ou de todo tipo de colectivos.

Non se terán en conta para o concurso as fotografías que sexan fotomontaxes.

### Presentación

Por correo electrónico (oficina@iem.gal)

Titularase cada fotografía cun nome.

No correo electrónico aparecerán tamén os datos persoais do autor/a (nome e apelidos, DNI e teléfono).

Os participantes cumprimentarán e asinarán a folla modelo que aparece no anexo destas bases, onde se autoriza a exhibición e publicación da súas fotografías na exposición posterior ó fallo do xurado e nas redes sociais do IEM.

**Prazo para presentación de fotografías: 20 de setembro ó 14 de novembro ás 24 horas**

## Xurado

Estará formado por fotógrafos profesionais e por integrantes da xunta de goberno do IEM. O xurado resérvase o dereito da interpretación das bases do presente concurso e da resolución dos casos non contemplados, de acordo co seu criterio.

Entregaranse dous premios, un que falle o xurado e outro do público, atendendo ás votacións do público no facebook do IEM (máis me gusta, máis me encanta).

Os nomes dos premiados publicaranse nas redes sociais e na web do IEM **a partir do 7 de decembro**.

## Premios e exposición

**Premio Xurado:** 250 € + revelado en 40x60 + publicación na REM

**Premio Público:** 150 € + revelado en 40x60 + publicación na REM

**2 accésit Xurado:** Revelado 30x45 + publicación na REM

**2 accésit Público:** Revelado 30x45 + publicación na REM

**14 Finalistas:** Publicaranse as súas fotografías na exposición e na revista REM

O IEM revelará as fotografías premiadas en tamaño 30x45 para a súa exposición.

O IEM resérvase os dereitos da exposición e reprodución das fotografías premiadas, así como os dereitos de imaxe das persoas fotografadas que aparezan nelas, dando por feito que as persoas están ó tanto e aceptan ser expostos no salón de actos do IEM, nas redes sociais ou nos locais que o IEM contacte para tal fin.

Período de votación no facebook do IEM para o premio do público: **17 de novembro ao 21 de novembro do 2021**

A entrega de premios e a inauguración da exposición fotográfica será o día **17 de decembro do 2021 no auditorio do concello de Nigrán**.

## Observacións

A participación neste concurso implica a total aceptación das bases reguladoras do mesmo por parte dos participantes.

Facebook queda completamente exento de toda responsabilidade e non avala, administra nin está asociado a este concurso.

## IDEARIO

As serras do Val de Miñor orientadas de norte a sur, nomeadamente Galiñeiro e A Groba/ A Valga, cordais vertebradores da ría de Vigo e o esteiro do Miño, forman unha abraiante paisaxe de pedra, auga e mato. Teñen unha rica comunidade biolóxica, con variados hábitats prioritarios que favorecen a biodiversidade. Xunto coa serra do Galleiro, na Louriña, son un corredor ecolóxico para moitas especies.

O seu perfil esgrevio é sinal de identidade para toda a bisbarra, desde O Morrazo, A Louriña, Baixo Miño, O Condado ata Viana.

Podemos afirmar que a sensación de amplitude nestes cimos sobranceiros, de espazo aberto cando camiñamos por elas é moi reconfortante. Teñen moitos nexos comúns: a homoxeneidade morfolóxica, os cotos, as chans, as devesas, as panasqueiras, os afloramentos graníticos, os abrigueiros, as cavidades, os réximes hidrolóxicos con regueiras estreitas e encostadas, as levadas, os mitos e lendas, os garranos...

Cando os ventos dominantes limpan de neboeiros o confín, o espello do mar reflicte nos rochedos, nos teitos de pedra. Desde eles apréciase o infinito.

Hai compoñentes da paisaxe que non percibimos pola vista unicamente, senón por outros sentidos e pola sensibilidade e a predisposición que teñamos cara o medio natural. Quen non percibiu o aroma do bosque, do tromentelo, do son da ferverza, o cantar dunha regueira, do sal do mar...?

A presión que os humanos exercemos sobre o medio, o despoboamento do rural e a desaparición dos cultivos tradicionais favorecendo o modelo de xestión forestal unicamente produtivista, os incendios e queimas, a mala ordenación do territorio cun incremento desmesurado de canteiras, construcións, estradas e infraestruturas variadas (liñas de tensión, eólicos etc) así como movementos de terras sen sentido en lugares que pola súas características deberían estar protexidos, favorecen a degradación dos solos e a mutación da paisaxe a un escenario onde o medio natural está practicamente antropizado e industrializado. Moitas destas feridas son case irreversibles, ameazando o patrimonio natural, cultural e a identidade territorial á que temos dereito.

A rica e variada paisaxe en mosaico galega pasou a ter monocromía de cores, favorecida polos monocultivos e a expansión humana cara o medio máis salvaxe. Cambiou o modelo territorial, expandindo as cidades e os seus servizos.

Levamos, coma especie, case 300.000 anos por estas terras, gran parte dese tempo vivimos vencellados e en harmonía co medio. O patrimonio herdado nos une ou arreda dos devanceiros.

Esiximos que as nosas serras recuperen, na medida posible, a súa forma natural, o seu cariz matricial. Non son instalacións industriais que transforman a natureza en lugares inhóspitos e desacougantes.

Con certeza confiamos que este concurso axude a espallar o sentimento irrenunciable de que en estas Terras de Turonio o seus habitantes temos un compromiso coa terra, coa paisaxe e o territorio.

## **MODELO A CUBRIR POLOS PARTICIPANTES NO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA**

Título da obra:

Nome e apelidos do autor:

D.N.I:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico do autor:

O autor da fotografía autoriza a exhibición e a publicación da mesma nas exposicións e na rede social Facebook así coma nas redes sociais do Instituto de Estudos Miñoráns.

A participación neste concurso implica a total aceptación das bases reguladoras do mesmo.

Sinatura do/a autor/a